

## SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DO DÍA 23 DE XULLO DE 2020

### COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

#### Rogos do PP

**1º rogo.** O pasado 12 de xullo celebráronse eleccións ao Parlamento de Galicia, eleccións que tiveron lugar en plena pandemia orixinada polo Covid-19, o que motivou que estes comicios se desenvolveran con grandes medidas de seguridade que garantiran o exercicio do dereito dos electores a participar en condicións que evitaran calquera risco de contaxio.

Para o Grupo Municipal Popular os ditos comicios celebráronse de forma exemplar en todos e cada un dos colexios electorais existentes ao longo e largo do noso municipio, razón pola cal solicitamos que, dende o Goberno municipal, se faga extensivo o noso agradecemento e felicitación a todos e cada un dos traballadores do Concello de Cambre, como á Policía Local e membros de Protección Civil que, co seu esforzo e dedicación, posibilitaron o normal desenvolvemento das ditas eleccións en condicións como as que sufrimos.

O señor alcalde acepta o rogo.

**2º rogo.** Á vista dos problemas advertidos co fraudulento rexistro da marca notoria Galaicoi por parte dunha empresa privada e a presunta recuperación desta en virtude de contrato bilateral que se cualificou como gratuíto, dende o Grupo Municipal Popular estimouse desde un primeiro momento que o dito contrato debería considerarse necesariamente como oneroso, interesando a elaboración e remisión dun informe xurídico sobre tal aspecto, informe que, pese ao tempo transcorrido, este Grupo Municipal Popular (s.e.u.o.) aínda non ten recibido.

De aí que desde este grupo se interesa que o dito informe sexa remitido á maior brevidade posible a todos os grupos políticos con representación no noso concello.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta que con data 3 de xullo de 2020 remitiuse o expediente completo escaneado ao PP.

Entre a documentación consta o informe emitido o 5 de febreiro de 2020 pola técnica de xestión de administración xeral, co conforme da secretaria xeral, en cuxa consideración xurídica terceira se establece claramente que, a xuízo das funcionarias informantes, estase ante unha adquisición gratuíta, en tanto que a esixencia de reintegrar ao cedente a taxa ingresada pola inscrición no Rexistro de Marcas (368,99 euros) non debe computarse como gravame, pois obedece a un gasto necesario que o concello debe asumir para cumprir coa obriga de protexer e defender o seu patrimonio, obriga imposta con carácter básico no artigo 28 da Lei 33/2003: *“As administracións públicas están obrigadas a protexer e defender o seu patrimonio. Para tal fin, protexerán adecuadamente os bens e dereitos que o integran, procurarán a súa inscrición rexistral e exercerán as potestades administrativas e accións xudiciais que sexan procedentes para iso.”*

## Preguntas do PP

**1ª pregunta.** No último mes asistimos á celebración de distintas sesións do programa “Son de Bares”, razón pola cal desde o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro de Desenvolvemento Socioeconómico sobre o balance do dito programa nos dous últimos meses.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta que o balance dos dous últimos meses é bastante positivo, celebráronse 3 actuacións e haberá outras 3 máis, e o máis importante é que o programa está sendo unha boa ferramenta para paliar a situación que vive a hostalería.

**2ª pregunta.** Respecto do programa “Son de Bares”, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro de Desenvolvemento Socioeconómico cal é a intervención do Concello de Cambre no desenvolvemento do dito programa.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta que o concello asume funcións de coordinación, control e difusión.

**3ª pregunta.** Á vista da celebración das últimas sesións do programa “Son de Bares” en época de pandemia, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase polo cumprimento dos protocolos de seguridade levados a cabo na súa celebración.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta que se cumpre coa normativa establecida pola Xunta de Galicia, e a maiores os clientes que disfrutaban do evento teñen que estar sentados e non se poden levantar nin bailar.

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN, MOBILIDADE,  
MEDIO AMBIENTE E SANIDADE

## Rogos do PP

**1º rogo.** Veciños da urbanización A Barcala remiten ao Grupo Municipal Popular as súas queixas pola falta de remate das obras levadas a cabo en varios lugares dela.

Tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, son varios os defectos de acabado que se observan, como o suposto illante que desborda o espazo que lle correspondería, anacos de poliespán ao aire, ausencia de zócalos na base perimetral de gran parte dos edificios, terra que invade espazos lousados, ou o verdello e sucidade que non deberían atoparse en obras das que se presume executadas hai meses.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se solicite ao concelleiro competente que se realicen as obras necesarias para resolver os problemas advertidos.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, recolle o rogo.

**2º rogo.** Veciños de Sigrás alertan a este Grupo Municipal Popular do deficiente estado no que se atopa a sinalización da Nacional 550 ao seu paso polo noso termo municipal, entre os que resulta un claro exemplo o

sinal de perigo por desnivel, tirada na propia beiravía de cuxo perigo tamén debería advertir, que se recolle na fotografía que se achega.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se solicite do concelleiro competente se adopten as medidas necesarias para resolver, á maior brevidade posible, os problemas advertidos.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que non aceptan o rogo nos termos nos que está redactado, xa que debería ir dirixido a Fomento, que é o titular da estrada. De todas formas, di que chamaron a Fomento e alí dixéronlles que xa o sabían e que se ía reparar. Agarda que hoxe xa estea reparado.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, manifesta que se non era da súa competencia, o que fixo o concelleiro é o correcto, chamar a Fomento, polo cal, recolleu o rogo.

Don Juan González Leirós indica que o rogo non está correctamente redactado.

O señor alcalde engade que se hai máis deficiencias, agradecerían que os avisaran.

**3º rogo.** Van sendo tradicionais as queixas recibidas por este grupo municipal por parte dos veciños de Sigrás, respecto do estado no que se atopan as beirarrúas existentes na dita parroquia, nas que, unha vez máis, como ocorre en gran parte do noso municipio, a maleza invade o espazo que lle é propio. Maleza que, non só provoca problemas de insalubridade, senón que dificulta o tránsito de peóns que por ela circulan, sobre todo en días de choiva, ademais de engadir un aspecto de descoido e deixamento impropio dun municipio de case 25.000 habitantes, tal e como reflicten as fotografías que se achegan.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se solicite que se adopten as medidas convenientes para resolver os problemas advertidos á maior brevidade posible.

O señor alcalde contesta que hoxe non está a concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá, pero recolle o rogo. Di que xa se deu orde para ir a limpalo. Explica que a estas alturas outros anos xa terían contratado o persoal do Risga, e serían eles os que farían estes pequenos traballos, pero este ano aínda non están contratados.

**4º rogo.** Problemas de maleza nas beirarrúas de Sigrás e no resto do noso municipio que se ven agravados pola sucidade existente nas súas inmediacións, tal e como se reflicte nas fotografías que se achegan.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se interese que se adopten as medidas oportunas para solucionar á maior brevidade posible os problemas de falta de limpeza advertidos.

O señor alcalde contesta que recolle o rogo e pide que lles indiquen o punto exacto que aparece nas fotografías.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, contesta que cre que é por onde está a gasoleira de Enxertos, cara á Pena.

**5º rogo.** Aos problemas de maleza invasora das nosas beirarrúas por ausencia ou deficiente traballo de roza, tampouco é allea a estrada que discorre entre Cambre e O Temple, na que, tal e como se observa nas fotografías que se achegan, tense deixado crecer a maleza tanto nas leiras contiguas como nas propias beirarrúas, de forma tal que dificultan o tránsito peonil por elas.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se solicite que se adopten as medidas convenientes para resolver os problemas advertidos á maior brevidade posible.

O señor alcalde recolle o rogo e di que xa deu orde de facelo.

**6º rogo.** Múltiples son as ocasións nas que este Grupo Municipal Popular se ten interesado polo estado no que se atopan as marquesiñas de autobús existentes no noso municipio. E unha vez máis, temos que insistir no deficiente estado que presenta unha delas, concretamente na estrada Cambre-Temple, nas proximidades da rúa dos Muíños. Tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, ademais da maleza que invade o dito espazo, os cristais da dita marquesiña non se atopan en estado idóneo, ademais de contar con pintadas.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se solicite a reparación da dita marquesiña e a súa contorna á maior brevidade posible.

O señor alcalde recolle o rogo, se ben será a concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá a que conteste por escrito en que situación se atopa.

### Preguntas do PP

**1ª pregunta.** Transcorrido un ano dende o inicio das obras da estrada nacional 550 ao seu paso pola Rocha e as reiteradas e evidentes suspensións levadas a cabo nela, é apreciable o trastorno que a dita paralización supón non só para os veciños e os usuarios da dita vía, senón tamén para a seguridade viaria de toda a contorna. Razón pola cal, nas comisións informativas do pasado mes de xuño, desde o Grupo Municipal Popular se solicitou que se adoptaran as medidas oportunas para axilizar as obras que se están levando a cabo na dita estrada.

Transcorrido un mes desde a dita solicitude, desde o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente que xestións se realizaron no último mes para que as ditas obras se axilizaran.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que as xestións habituais entre administracións que entenden a colaboración. Chamada telefónica. O día 3 comezaron os traballos do topógrafo e o día 6 empezaron as obras, e agora estanse a executar.

Don Raúl Varela Fraguío, de AV, expón que onte pola noite os semáforos estaban ao mesmo tempo en roxo e ámbar, e moitos coches os saltaban, co conseguinte perigo que iso supón. Avísaos para que informen.

Don Juan González Leirós manifesta que así se fará.

**2ª pregunta.** Ante o desprendemento, hai meses, da senda e varanda protectora paralela ao río Mero que foi traída a comisións informativas o pasado mes de xuño por este Grupo Municipal Popular, ante o evidente problema de seguridade que o isto supón, desde este grupo municipal se pregunta ao concelleiro competente que xestións se levaron a cabo ao longo deste último mes para a rehabilitación da dita senda e varanda, que permita devolver á dita zona a seguridade perdida.

O señor alcalde contesta que xa está aprobado e asinado o convenio de mantemento do río Mero e estase traballando para contratar a empresa. El e o enxeñeiro de camiños municipal mantiveron unha reunión coa directora de Augas de Galicia para resolver pequenas polémicas que había. Tamén reclamaron que retiraran a varanda, porque senón alguén vana levar e dixerónlles que ían ir retirala urxentemente e que estaban preparando unha nova senda.

**3ª pregunta.** Á vista de que a Casa da Cultura de Cambre segue sen ser inaugurada, meses despois da data prevista para facelo, desde o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro de Urbanismo sobre a existencia dalgún problema de tramitación, procedemento ou legalidade da dita construción ou a súa contorna que motive o atraso.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que non hai problemas de índole urbanístico para a apertura da biblioteca.

**4ª pregunta.** Hai meses que a gasoleira existente na parroquia do Temple reiniciou a súa actividade tras un peche prolongado no tempo, motivado, segundo se indicou, pola necesidade de realizar obras que garantiran a seguridade da dita instalación.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro de Urbanismo en que consistiron as obras levadas a cabo na dita gasoleira que, unha vez realizadas, permitiron a súa reapertura, así como a adecuación da dita instalación á normativa estatal, autonómica e local actualmente vixente.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que cando unha administración outorga a autorización debe ser porque cumpre coas normas. Para calquera dúbida, o expediente está a disposición dos concelleiros na sección de Urbanismo.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, pregunta en que consistiron as obras.

Don Juan González Leirós expón que non lles vai contestar a cuestións técnicas porque están no expediente.

Don Juan María Abalo Castex pide que conste en acta que non lles van contestar.

**5ª pregunta.** Tras sucesivas peticións de información en comisións informativas celebradas en meses precedentes sobre a situación de inseguridade existente na praza Uxío Novoneyra e os actos vandálicos contra o patrimonio público e privado levadas a cabo no lugar, desde o Grupo Municipal Popular se pregunta sobre as xestións levadas a cabo este último mes polo equipo de goberno para devolver a seguridade cidadá na zona.

O señor alcalde contesta que o descoñece. Foi a concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá, dona Elisa Pestonit Barreiros, quen falou coa Garda Civil, polo que será ela quen contestará a pregunta.

**6ª pregunta.** Á vista da campaña de roza que aínda a día de hoxe se está levando a cabo por operarios municipais, desde o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente sobre o grao de satisfacción que para o equipo de goberno se está conseguindo coa dita campaña e o grao de cumprimento dos obxectivos fixados.

O señor alcalde contesta que en canto á satisfacción, a el ninguén o chamou queixándose polo tema da roza, polo que supón que o grao de satisfacción é alto. Outra cousa é que se queixen do perfilado das beiravías, que se fará coa brigada de obras.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Rogo do PP

**Único.** Tendo en conta os prexuízos que están sendo ocasionados aos usuarios da biblioteca central de

Cambre co desmantelamento das instalacións na súa antiga localización dende o pasado 23 de decembro, isto é, sete meses sen biblioteca central en Cambre, desde o Grupo Municipal Popular vólvese a requirir ao equipo de goberno a que se adopten as medidas necesarias para contar cunha biblioteca central en Cambre.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, recolle o rogo.

### Preguntas do PP

O señor presidente solicita que se dea lectura polos concelleiros do PP ás dúas preguntas presentadas, se ben serán contestadas por escrito por atoparse ausente don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude.

**1ª pregunta.** Nos últimos días coñecemos como desde o equipo de goberno se informaba que a piscina do Temple permanecería un ano máis pechada, á vista da existencia dunha serie de problemas técnicos. Problemas técnicos que aparecerían recollidos en informes municipais que aconsellarían a no apertura da dita instalación.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao concelleiro competente cales son eses motivos técnicos que aconsellan a non apertura da dita instalación.

**2ª pregunta.** Así mesmo, pregúntase respecto dos problemas técnicos advertidos na dita piscina do Temple, que trámites se levaron a cabo desde o goberno municipal desde hai un ano para resolver os ditos problemas técnicos.